



CRITERIOS DE AVALIACIÓN ACCESO AO CURSO 26/27

INTERPRETACIÓN - GUITARRA

Proba A

Interpretación amosando o necesario control técnico do instrumento. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas. Indicadores de logro:

- Dificultade do repertorio presentado
- Fidelidade ao texto: exactitude na exposición das notas, ritmo, tempo, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e planos sonoros.
- Dominio instrumental: control postural e da respiración, Afinación, limpeza e claridade e calidade do son, proxección do son.
- Control do timbre e modos de ataque, control dos diferentes elementos técnicos característicos do instrumento, dominio das técnicas propias da música de vangarda (de ser o caso).

Interpretación amosando un estilo interpretativo coherente e concordante coa forma e estética de cada obra. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas. Indicadores de logro:

- Fidelidade ao estilo: control da ornamentación, do rubato, das agónicas, dinámicas, fraseo e a articulación e dos elementos instrumentais propios do estilo.
- Fidelidade ós aspectos interpretativos inherentes á forma e estética musical. Control das dinámicas, agónicas e dos recursos tímbricos do instrumento.

Interpretación amosando as capacidades expresivas necesarias para a interpretación en público. Aplicarase a cada una das obras interpretadas. Indicadores de logro:

- Presentación, posta en escena, dominio do espazo escénico. Achega persoal ao enriquecemento da interpretación. Adecuación do xesto á interpretación musical.
- Concentración ao longo da proba, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso)

Proba B

Análise da obra ou fragmento musical proposto: recoñecemento das características do xénero e do estilo, identificación da estrutura formal, análise dos diferentes parámetros (harmonías, ritmos, melodías, texturas, timbres e dinámicas) presentes no texto musical proposto polo tribunal.

Proba C

Interpretación pública do fragmento proposto polo tribunal amosando o coñecemento e control da práctica da lectura á primeira vista: Fidelidade ao texto musical: calidade do son, exactitude na execución das notas, ritmo, tempi, dinámicas, agónicas, articulación, ornamentación e estilo do fragmento proposto.